

PROVINCIA: <b>LUGO</b>	MUNICIPIO: <b>GUITIRIZ</b>
------------------------	----------------------------

ID: 540

Nº 50.000 : 72

Nº Monte: 8

- exp: 36/75

## CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" DE PIEDRAFITA "

## COMUNIDAD PROPIETARIA

VECINOS DE PIEDRAFITA (P.<sup>a</sup>)

### CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	22	13.	1

### SUPERFICIE

HECTAREAS

464

JURADO PROVINCIAL  
DE  
MONTES VECINALES  
EN MANO COMÚN  
LUGO

En la ciudad de Lugo a 25 de agosto de 1975, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en "Mano Común", en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte "DE PIEDRAFITA", como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "DE PIEDRAFITA" expediente N° 36/75, del ayuntamiento de Guitiriz, promovido a instancia de la Administración Forestal, y

RESULTANDO.- Que con fecha 6 de marzo de 1975, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en "Mano Común", acordó la iniciación del expediente de clasificación del monte "DE PIEDRAFITA", designando como Instructor, al Vocal D. Carlos Fraga Carreira, Notario.

RESULTANDO.- Que con fecha 21 de marzo de 1975, se dictó providencia, por la que se da comienzo al expediente de clasificación 36/75, poniendo por caveza del mismo, comunicación del acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 21 de marzo de 1975, se dictó providencia, acordando requerir al ayuntamiento de Guitiriz, para que aportara: a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa al monte "DE PIEDRAFITA"; de 464 has, sito en la parroquia de Piedrafita; b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte "DE PIEDRAFITA"; c) Certificación del Acuerdo Municipal, relativo al conocimiento con la Administración Forestal, para la repoblación del citado monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 21 de marzo de 1975, se acordó recabar de la Administración Forestal, I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte "DE PIEDRAFITA", sito en la parroquia de Piedrafita, del ayuntamiento de Guitiriz, figura incluido dentro del Catálogo de Los Montes de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que con fecha 21 de marzo de 1975, se dictó providencia, acordando la publicación de edicto en el B.O. de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del ayuntamiento de Guitiriz, poniendo en conocimiento de todos los interesados en el monte "DE PIEDRAFITA" la incoación del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses, publicación que se llevó a efecto en el B.O. de la provincia N° 92, correspondiente al día 22 de abril de 1975, y en el tablón de anuncios del ayuntamiento de Guitiriz, según certificación del Secretario el mismo día 23 de abril de 1975.

RESULTANDO.- Que con fecha 8 de abril de 1975, se recibió certificación interesada del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que se hace constar que el monte "DE PIEDRAFITA", no afecta a ningún monte catalogado como de utilidad pública.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente, se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio de 1968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento, y disposiciones de pertinente aplicación,

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales

les en "Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente, el cual fué promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de 27 de Julio de 1968 y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la calificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo, concurren los requisitos reales que establecen los artículos 1º de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 1, del Reglamento, a saber: a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos, agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en calidad de tales, en proindivisión, con independencia de su origen, en comunidad germánica o mano común; - b) Que tal comunidad de vecinos, no esté constituida formalmente en entidad municipal,

CONSIDERANDO.- Que el monte "DE PIEDRAFITA" está perfectamente identificado, tanto por el Ayuntamiento de Guitiriz, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consorciado, así mismo fué identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido, en el que unanimemente, se reconocen conderechos a los aprovechamientos sobre el citado monte todos los vecinos de la parroquia de Piedrafita, del Ayuntamiento de Guitiriz.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad del monte "DE PIEDRAFITA", en tiempos remotos, los efectos de la prescripción extraordinaria, regulada por el artículo 1959 del código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en sesión del día de la fecha, y a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte "DE PIEDRAFITA", como se describe en el expediente 36/75, como monte vecinal en mano común, perteneciente en régimen de copropiedad germánica a los vecinos de la parroquia de Piedrafita, del Ayuntamiento de Guitiriz. Le corresponde 2º.- Que se remita certificación de la resolución firmada de este Jurado al Registrador de la Propiedad para la inscripción del monte "DE PIEDRAFITA" a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

*[Handwritten signatures and stamps]*

*[Signature]*  
*[Signature]*  
*[Signature]*  
*[Signature]*  
*[Signature]*  
*[Signature]*

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N. monte
LU	22	13	1

CLAVE DEL MONTE

### 3.-ESTADO FISICO

Ref. Índice

#### 3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de PIEDRAFITA están formados por dos parcelas independientes separadas entre sí por las fincas particulares inmediatas a los pueblos de la parroquia.

La parcela N.O., la más importante de estos montes esta formada por la parte más alta de Fro y Laxes, sobre los montes de las parroquias de Sambrejome de Parga y de Santa Leocadia de Parga; constituye la cuenca primaria del Rogo de Laxes, tiene suaves pendientes y altitudes comprendidas entre los 500 y 550 m.

La parte S. de estos montes esta formada por laderas que desde las fincas particulares suben hacia el S. hasta el alto de Curuxol y las divisorias con los municipios de Friol y de Bergonde; las pendientes son algo más fuertes, con altitudes comprendidas entre los 510 y 600 m.

Los accesos a estos montes quedan enlazados con la pista que llega a Piedra-fita por las repobla

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
LU	22	13	1

Rd.º Índice

CLAVE DEL MONTE

3.1

ciones de Laxe, procedente de Puente de Parga.

3.2

SUPERFICIE.

En conjunto, la de todas las parcelas que figuran en el plano de 1.2, es de 464 Has., obtenida mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3

LINDEROS.

Los del término parroquial son:

N. y E.- Con el término municipal de Begonte.

S.- Término municipal de Friol.

O.- Montes de las parroquias de Santa Leocadia de Parga y de Sambrejome de Parga.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de todo el término parroquial, comprendiendo las dos parcelas de monte, las fincas particulares y los pueblos de la parroquia, puede describirse empezando por el extremo N.O. en Fro, donde concurren con este término la parroquia de San Breijome de Parga y el término municipal de Begonte. Dividiendo con este último sigue la mojonera en dirección S.E. hasta Gandara, en dirección N.S. por Pena Furada hasta Pena da

Prov.*	Munic.*	Consalid. Pop.*	N.* monte
LU	22	13	1

Ref. Índice

CLAVE DEL MONTE


3.4

Troya, y en dirección S.O. subiendo por Rego do Feo hasta Cruruxol, donde estan las "tres rayas" de este municipio de Guitiriz con los de Begonte y de Friol. Dividiendo con este último sigue la mojonera hacia el N.O. por Fonte de Foxo Neiron, Fonte Tras da Roza hasta cruzar el Rego Carballe do por Portocarro. Aquí ya entra el monte de la parroquia de Santa Leocadia de Parga, con el que divide de S. a N. cruzando a media ladera por Fonte Romariz hasta Vivero de Laxe, donde ya entra el monte de San Breijome de Parga con el que sigue en dirección N.E. subiendo por una divisoria de aguas hasta el alto de Fro, donde se comenzó.


3.5 OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES.

El límite de estos montes con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido zonas de monte que han sido parceladas. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

Si estos montes fueran calificados como vecinales en mano común, sería necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los mismos criterios de tal calificación.



N. V.



Termino de Begonte

Termino de

Friol

LU 22	13	1
-------	----	---



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18 de novembro de 2016**, figura o seguinte acordo:

<<Monte DE SAMBREIXO (expediente 34/75), pertencente aos veciños da parroquia de SAMBREIXO DE PARGA, do concello de GUITIRIZ, clasificado polo Xurado con data 25 de agosto de 1975, monte DE PEDRAFITA (expediente 36/75), pertencente aos veciños da parroquia de PEDRAFITA, no termo municipal de GUITIRIZ, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 25 de agosto de 1975 e monte DE SANTA LEOCADIA (expediente 32/75), pertencente aos veciños da parroquia de SANTA LEOCADIA DE PARGA, no termo municipal de GUITIRIZ, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 25 de agosto de 1975. Con data 21 de xullo de 2016, ten rexistro de entrada escrito de Manuel Ferreiro Paderne, como presidente da comunidade de Sambreixo, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 20 de xullo de 2016, perante o Xulgado de Paz de Guitiriz; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 26 de outubro de 2016 emite un informe no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza (nº 92). O monte DE SAMBREIXO queda cunha superficie de 475,32 hectáreas, o monte DE PEDRAFITA cunha superficie de 349,93 hectáreas e o monte DE SANTA LEOCADIA cunha superficie de 400,84 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA** aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.>>


Para que conste, expido este certificado co visto e prace do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.

Lugo, 25 de novembro de 2016



V. e pr.  
O xefe territorial  
Presidente do xurado

José Ramón Losada Fernández.



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Departamento Territorial de Lugo  
Servizo de Montes



Plano de:  
Deslinde por avinza entre as  
CMVMC de San Breixo (Exp  
34/75), Pedrafita (Exp 36/75) e  
Santa Leocadia (Exp 32/75)

Monte: **San Breixo**  
Pertenza  
**Veciños de San Breixo**  
Superficie previa **382,27** ha  
Superficie posterior **475,32** ha

Monte: **Pedrafita**  
Pertenza  
**Veciños de Pedrafita**  
Superficie previa **464** ha  
Superficie posterior **349,83** ha

Monte: **Santa Leocadia**  
Pertenza **Veciños de**  
**Santa Leocadia de Parga**  
Superficie previa **387** ha  
Superficie posterior **400,84** ha

Escala: 1:12.500

Situación final e deslinde

- Avinza Sambreixo Pedrafita
- Avinza Sambreixo Santa Leocadia
- Avinza Santa Leocadia Pedrafita
- Pedrafita
- San Breixo
- Santa Leocadia

Coordenadas UTM\_Sist. Ref.: ETRS89



Área Técnica de Montes de Xestión  
Pública  
Lugo, 25 de outubro de 2016

Santiago Fraga Sáenz  
Enxeñeiro de Montes



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **11 de xaneiro de 2021**, figura o seguinte acordo:

*Monte de **Pedrafita** (exp. 36/75), pertencente aos veciños da parroquia de **Pedrafita**, no termo municipal de **Guitiriz**.*

*O 5.3.2020, ten entrada escrito da comunidade propietaria, no que solicitan a integración no monte veciñal de catro predios adquiridos mediante compravendas, formalizadas en escrituras públicas nos anos 2002 e 2003. Achegan copia das escrituras públicas e planos de situación dos predios.*


*O artigo 57.4 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, establece que as adquisicións de terreos obtidas polas comunidades con anterioridade á entrada en vigor desta lei, comunicaranse ao xurado provincial, que integrará a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do monte.*

*Con data 2.12.2020, o Servizo de Montes elabora unha memoria (2020\_16) de ampliación do monte de Pedrafita na que se especifican as parcelas catastrais obxecto de integración (27022A36400078, 27022A36400083, 27022A36400116 e 27022A36400119) que suman unha superficie de 3600 m<sup>2</sup>, polo que despois desta ampliación o monte quedaría con 350, 3 hectáreas, de acordo coa nova cartografía.*

*En vista do anterior, o xurado, por unanimidade, ACORDA clasificar como veciñais en man común os terreos adquiridos pola comunidade, e proceder á actualización correspondente no expediente, de conformidade coa memoria técnica elaborada polo Servizo de Montes.*

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Departamento Territorial de Lugo  
Servizo de Montes



Plano de:  
Exp: Guitiriz\_36/75\_2020\_16  
Ampliación do mvmc de Pedrafita (exp 36/75)  
como consecuencia da incorporación de  
predios por compra.

Monte: **Pedrafita**  
Pertenza **Parroquia de Pedrafita** Municipio: **Guitiriz**  
Superficie previa **350 Ha**  
Superficie revisada **350,3 Ha**

Escala: 1:3.000

Plano 2. Localización dos predios  
obxecto de ampliación.

Visto e prace  
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área

*[Signature]*

*[Signature]*  
02.12.2020

Monte\_previo  
Parcelas\_adquiridas


599500

Coordenadas UTM. Sist. Ref.: ETRS89

600000

© D. G. del Catastro

600500



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Departamento Territorial de Lugo  
Servizo de Montes

galicia

Plano de:  
Exp: Guitiriz\_36/75\_2020\_16  
Ampliación do mvmc de Pedrafita (exp 36/75)  
como consecuencia da incorporación de  
predios por compra.

Monte: **Pedrafita**  
Pertenza **Parroquia de Pedrafita**      Municipio: **Guitiriz**  
Superficie previa    **350 Ha**  
Superficie revisada    **350,3 Ha**

Escala: 1:20.000      Plano 3. Monte posterior

Visto e prace  
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área

02.12.2020

Monte\_posterior

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Pedrafita** (exp. 36/75), pertencente aos veciños da parroquia de **Pedrafita**, no concello da **Guitiriz**.

O 30.7.2020 tivo entrada unha solicitude da comunidade de Pedrafita para que se proceda á **revisión do esbozo** do monte veciñal, conforme á proposta que achegan e que foi aprobada na asemblea do 8.11.2019.

Contra a dita proposta foron presentadas as seguintes **alegacións**:

- 7.5.2021. Irene González Fernández manifesta ser propietaria do predio denominado *Fonte da Uz*, correspondente coa subparcela H, da parcela 13, do polígono 326 de Guitiriz. Aporta unha executoria xudicial da Audiencia provincial de Lugo de adxudicación de dereitos de propiedade, na que se inclúe este predio.
- 30.7.2021 e 1.10.2021. Cristina González Fernández alega ser propietaria mesma parcela que a súa irmá Irene (subpacela H, parcela 13, polígono 326 de Guitiriz)
- 8.11.2021 e 10.5.2022. Carmen e María Angelina Río Iglesias alegan ser propietarias do predio denominado *A Chousa* de 4,39 ha, afectado parcilamente pola revisión de esbozo solicitada. Aportan escritura de aceptación e adxudicación de herdanza así como inventario de testamento do ano 1988.
- 8.11.2021 e 10.5.2022. Julia Ramil Piñeiro manifesta ser propietaria dun predio denominado *Chousa de Arribade*, de 4,05 ha, situado parcialmente na parcela 27022A36300014 obxecto de incorporación no esbozo do monte. Aporta escritura de aceptación e adxudicación parcial de herdanza.
- 10.11.2021. María Olga Vázquez Saavedra e José Ferreiro Vázquez alegan ser propietarios do predio denominado *Campo*, de 0,21 ha, que se corresponde coas subparcelas AA e parte da AB, da parcela catastral 2 do polígono 369 de Guitiriz. Presentan escritura de aportación a gananciais e inscrición do predio no Rexistro da Propiedade de Vilalba.

Así mesmo, o 19.11.2021 tivo entrada un escrito asinado por 29 comuneiros de Pedrafita (dun total de 51) no que expoñen que houbo irregularidades e falta de transparencia na aprobación da revisión de esbozo e, por falta de garantías, solicitan o arquivo do expediente.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO  
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MVMC  
Ronda Muralla, 70  
27071 Lugo  
T. 982 889 256



As anteriores alegacións foron enviadas á comunidade de Pedrafita quen, na asemblea do 11.12.2021, **acordou por maioría desestimalas e continuar coa tramitación da revisión solicitada.**

Aportan documentación do Catastro de 1956, na que se recolle a titularidade dos predios discutidos a favor do común dos veciños.

– Posteriormente, o 16.12.2021 ten entrada un novo escrito de alegacións, asinado por José Ramil Vázquez, mediante o que reclama tres predios afectados pola revisión do esbozo: O predio denominado *Laxes*, sobre o que presenta cédula catastral de 1956 e escrituras de herdanza e partición; o denominado *Fonte da Uz*, sobre o que presenta escritura de herdanza; o denominado *Chousa das Insuas*, sobre o que presenta unha escritura de compra venda do ano 1952, na que figura unha superficie de 70 áreas e 85 centiáreas, sendo a medida reclamada de 2,87 hectáreas. Foi concedido un prazo para presentar xustificación da determinación cartográfica deste predio, pero o interesado non respondeu.

O 20.5.2023, o Servizo de Montes elaborou unha memoria (2020\_37) na que, tralo exame das alegacións, conclúe que, agás o predio denominado *Campo*, inscrito no rexistro da propiedade, o resto dos terreos reclamados, debido á inconsistencia ou insuficiencia da documental achegada polos alegantes, mantéñense dentro da proposta presentada pola comunidade. No novo esbozo, incluído na citada memoria, monte de **Pedrafita** pasa a ser de **523,94** ha.

Examinada a devandita proposta, e de acordo coa memoria do Servizo de Montes, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal



**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 26 de outubro de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se publica a resolución dos recursos de reposición presentados contra a revisión do esbozo do monte veciñal de Pedrafita (Guitiriz) (expediente 36/75).*

Na sesión celebrada polo xurado provincial o día 9.10.2023 figura o seguinte acordo:

MVMC Pedrafita (expediente 36/75), pertencente aos veciños da parroquia de Pedrafita, concello de Guitiriz.

O 14.6.2023, o xurado ditou resolución pola que aprobou a revisión do esbozo do MVMC Pedrafita por instancia da comunidade propietaria.

Contra este acordo presentáronse os seguintes recursos:

– 12.7.2023. Federico Yáñez Ulla alega que os actuais recintos f e g da parcela catastral 33 do polígono 327 son de titularidade particular. Achega nota simple da súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilalba como parcela 36 do mesmo polígono.

– 21.7.2023. A CMVMC de Pedrafita expón o seu desacordo coa resolución, debido a que deixa fóra do monte a parcela denominada Campo, correspondente ás subparcelas aa e parte da ab da parcela 2 do polígono 369. Alega que o predio non está suficientemente identificado na documental achegada e reclaman a súa propiedade, por entender que está acreditada a súa natureza veciñal.

– 27.7.2023. Cristina González Fernández manifesta ser propietaria da subparcela h da parcela 13 do polígono 326. Para xustificar a propiedade presenta unha executoria xudicial da Audiencia Provincial de Lugo e unha escritura de doazón. Así mesmo, presenta un informe do Servizo de Montes sobre a localización da parcela respecto do perímetro do MVMC.

– 7.8.2023. Julia Ramil Piñeiro e dúas persoas máis alegan seren propietarias dunha superficie de 40.568 m<sup>2</sup> de acordo cunha certificación catastral do 4.7.2023, correspondente á parcela 21 do polígono 363 de Guitiriz. Porén, os terreos que solicitan que se exclúan



do esbozo coinciden cos terreos que forman as subparcelas a, b e d da actual parcela 14 do polígono 363. Para xustificar a propiedade presentan unha escritura de aceptación e adxudicación parcial de herdanza.

– 7.8.2023. Carmen e M<sup>a</sup> Angelina Río Iglesias, e dúas persoas máis, alegan seren propietarias dunha superficie de 43.817 m<sup>2</sup> que conforma un todo unido delimitado por unha gabia e fitos. Sería o terreo identificado na parcela 4 do polígono 363, segundo a certificación catastral gráfica emitida o 4.7.2023. Porén, os terreos que solicitan que se exclúan do esbozo coincidirían coas subparcelas f, i e h da parcela 14 do polígono 363. Para xustificar a propiedade presentan unha escritura de aceptación e adxudicación parcial de herdanza, así como un testamento de 1988.


Examinados o devanditos recursos de reposición, o xurado, por unanimidade, acorda estimar o recurso presentado por Federico Yáñez Ulla e desestimar os recursos presentados polos demais recorrentes, de conformidade cos fundamentos que se recollen na correspondente resolución.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Lugo, 26 de outubro de 2023

M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal  
Presidenta do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Lugo





Monte posterior 3 post recurso

Añinado por: FRAGA SAENZ, SANTIAGO  
 Cargo: Xefe Área Técnica MVMC e Ordenación de Montes  
 Data e hora: 11/07/2020 12:08:16

Añinado por: SAENZ, MANUEL  
 Cargo: Xefe Área Técnica MVMC e Ordenación de Montes  
 Data e hora: 11/07/2020 12:08:16

		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes	
Plano de: Exp: Guitiriz_36/75_2020_37 Revisión de esbozo do mvmc de Pedrafita (exp 36/75). Posterior aos recursos.		Monte: <b>Pedrafita</b> Pertenza Parroquia de Pedrafita Superficie previa 523,9 Ha Superficie revisada 522,08 Ha	
Escala: 1:20.000		Municipio: <b>Guitiriz</b>	
Plano 3.Monte posterior		Visto e prace O xefe de Servicio de Montes  (asinado dixitalmente)	
 		O xefe de área  (asinado dixitalmente)	

CVE: NFxFLOANG?2  
 Verificación: <https://cve.sede.sutia.gal/cve>



Coordenadas UTM\_Sist. Ref.: ETRS89

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **4.6.2024**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Pedrafita** (exp. 36/75), pertencente aos veciños da parroquia de Pedrafita, no concello de **Guitiriz**.

O 22.12.2023 tivo entrada unha solicitude da comunidade de Pedrafita, mediante a que solicita autorización para levar a cabo unha permuta da parcela catastral 237 do polígono 320, do MVMC, coa parcela 51 do polígono 349, de propiedade particular. Acreditan que a permuta solicitada foi aprobada pola comunidade na asemblea do 11.12.2021.

Tralo informe favorable, emitido polo Servizo de Montes o 24.1.2024, sobre a proximidade e semellanza de valor dos terreos, o 15.3.2024 elevaron a permuta a escritura pública.

O 30.5.2024 o Servizo de Montes elaborou un informe (nº **2023\_68**) no que se recollen as modificación que se producen no MVMC **Pedrafita**, como consecuencia da permuta, que pasa a ter unha superficie de **521,90 hectáreas**.

De acordo co artigo 9 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, que regula a Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, dáselle conta ao xurado.

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA tomar constancia da permuta realizada e incorporala ao expediente do monte.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.


Lugo, data da sinatura electrónica




A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal



CVE: JRYwCKaFuH99  
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>  
 Ainado por: FRAGA SAEZ, SANTIAGO  
 Cargo: Xefe Área Técnica MMCM e Ordenación de Montes  
 Data e hora: 30/05/2024 10:49:42



		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes			
Plano de: Permuta de terreos coa cmvmc de Pedrafitá Exp. Guitiriz_36/75_2023/68		Monte: <b>Pedrafitá</b> Pertenza <b>Veciños de Pedrafitá</b> Superficie previa <b>522,08 ha</b> Superficie posterior <b>521,90 ha</b>		Municipio: <b>Guitiriz</b>	
Escala: 1:19.000		Plano 4. Situación transformada do monte.		Visto e prace O xefe de Servizo	
 Monte_posterior		(data da sinatura electrónica)		O xefe de área (asinado dixitalmente)	

596500 597000 597500 598000 598500 599000 599500 600000 600500 601000 601500 602000 602500 603000 603500

Coordenadas UTM\_Sist. Ref.: ETRS89